

EXERCICIOS DE GALEGO

2 ESO

1. Le o seguinte texto e responde.

Querida Tareixa:

Non vas crer o que ocorreu onte pola tarde! Xusto despois de rematar as clases fun para a casa, e cando cheguei, meus pais, estaban a esperar por min. Parecían moi ledos. Dixéronme que sentase, que me tiñan que contar unha boa nova. Preguntáronme se quería beber algo e eu dixen que estaba ben. Despois, papá díxolle a mamá que era o momento de contarmo, e finalmente desvelaron a boa nova: dentro duns meses vai nacer o meu primeiro irmanciño!

- Que tipo de comunicación representa o texto que acabas de ler? Por que?
- Cales son as características deste tipo de comunicación?
- Volve escribir o texto de maneira que representa un tipo de comunicación distinto.

2. Clasifica os enunciados deste texto en oración e frases.

Un fantasma avanza lentamente polo corredor da escola. O fantasma escóndese das persoas. Ninguén sabe que a escola está encantada. Unha noite o vixilante viu algo estraño. Sorpresa...! Horror! Era un fantasma! Un fantasma realmente de fóra deste mundo. Que medo!

- Transforma as frases do texto en oracións. Despois, fai o mesmo coas frases que tes a continuación.
 - Que día tan frío!
 - Silencio! Un pouco de respecto!
 - Que comida máis saborosa!
 - Fantástico, unha festa de aniversario!
 - Retención de dous quilómetros na entrada a Bertamiráns.
 - Boas noites.
 - Mágoa de chuvia!

3. Le este texto e responde as preguntas.

Na miña vila non había máis ca un cine. Agora, chegaba ben. Os días de cine anunciábanse cun taboleiro cheo de cadros da cinta colgado da parede.

Entradas non había máis ca de dúas clases: as butacas, abaixo, e o galiñeiro, arriba. Agora os prezos subiron, pero daquela unha butaca custaba doce cadelas e unha entrada de galiñeiro, seis. Ao galiñeiro só iamos os rapaces, pobre ou ricos, e os homes pobres.

Marcial Suárez, O acomodador e outros relatos (Adaptación)

- A cal dos xéneros literarios pensas que se axusta este texto? Por que?
- Que subxéneros se distinguen nese xénero literario?
- Elabora un esquema en que recollas os tres xéneros literarios e os seus subxéneros.

4. Divide en sílabas as seguintes palabras.

- muiño
- mouro
- ningunha
- raudo
- bateu
- carro
- cuarto
- feira
- tractor

5. Clasifica as oracións deste texto segundo a súa modalidade.

Non trouxeches o libro que che dixen? Volve á casa a buscalo! Que tarde é! Xa non chegamos. Oxalá o autobús veña puntual! Por que non vas máis de présa? Xa deben ser as oito ou as oito e media. Póñoome tan nerviosa contigo! Mañá, por favor, non esquezas nada. Ao mellor pídlle a meu pai que nos levo no coche. Bule!

6. Transforma as oracións enunciativas seguintes en interrogativas e exclamativas.

- Saleta virame ver en xullo.
- Este xersei non é de la.
- Imos todos xuntos á praia.
- As bases do concurso publicaranse mañá.
- A exposición inaugúrase este serán.
- Descubriron unha nova vacina para a gripe.

7. Le este texto adaptado de Castelao e identifica o narrador, o marco e as partes da trama.

O fillo de Rosendo andaba aboiado polas rúas amostrando a súa faciana albeira de mozo malmantido. As letras que aprendera non eran dabondo para vivir do traballo da testa e o señoría conseguido non lle deixaba vivir do traballo das mans.

O fillo de Rosendo xungiuse a unha muller vella, gorda e rica, porque diante de si non albiscaba máis ca o pan da escravitude. Gran desgraza! Porque hai algo peor ca traballar para non morrer de fame e é casar para poder comer todos os días.

O fillo de Rosendo fíxose dono dalgúns pesos nas véspera do casamento e cando casou levaba oito décimos de lotaría nos petos do seu traxe novo.

E cando o fillo de Rosendo xa estaba encarado coa súa desgraza chegou a lotaría e púxolle nas mans unha chea de miles de pesos, que non eran da súa muller, que eran seus mesmamente, porque de certo xa os levaba consigo cando foi á igrexa...

A sorte chegou tarde e agora o fillo de Rosendo anda sempre aparellado coa súa muller, que é o seu drama.

8. Substitúe as palabras destacadas por un antónimo axeitado.

- Sentía un amor inconmensurable polo seu gato e polo seu can.
- O que aconteceu o luns foi algo insólito.
- Uxío é moi preguiceiro polas mañás.
- O problema de matemáticas resultou máis intrincado do que eu pensaba.

- Despois de investigar moitos anos, descubriuse a verdade do asunto.

9. Copia estas oracións no caderno empregando as maiúsculas que sexan precisas.

- nas festas de nadal e san xoán reunímonos todos os da familia para cear.
- o escritor manuel curros enrriquez naceu en celanova e escribiu *aires da miña terra*.
- hoxe teño cita co dr. sueiro en lugo.
- lin no xornal galicia hoxe a crónica do último partido do rácing de ferrol.

10. Identifica as oracións impersoais.

- Vai máis frío en Monforte ca en Baiona.
- Hoxe ventou toda a tarde.
- Fomos ver a nova película ao cine.
- A cidade onde vivo ten moitas zonas verdes.
- Construíuse un edificio novo no barrio.
- Dixo que non podía vir con nós.
- Había macarróns para o xantar.
- No inverno non nevou ningún día.
- Analiza os suxeitos que atopas nas oracións que acabas de ler.

11. Escribe hipónimos para os seguintes hiperónimos.

- mes
- cine
- vehículo

12. Escribe os hiperónimos que corresponden aos seguintes hipónimos.

- poesía, teatro, narrativa.
- Descapotable, familiar, deportivo.
- Can, gato, golfiño, xabaril.

13. Acentúa correctamente o seguinte texto.

Os volcans son aberturas da codia terrestre a través das cales a rocha fundida do interior da Terra, chamada magma, sae expulsada a superficie en forma de lava.

Os volcans podense clasificar segundo a violencia e a frecuencia das erupcións. Así, os volcans que entran en erupción frecuentemente denominanse activos; os que o fan poucas veces chamáanse inactivos; e os volcans que xa non o fan chamáanse volcans extinguidos ou apagados.

A zona da Terra onde hai maior actividade volcánica encontrase ao redor do océano Pacífico e recibe o nome de "Cinto de Lume".

- Clasifica as palabras acentuadas en agudas e esdrúxulas.

14. Clasifica o predicado das seguintes oracións.

- Mareáronse todos os rapaces do autocar.
- A carta provocou a dimisión do delegado.
- Os arqueólogos descubriron restos celtas.
- Estas olivas están demasiado salgadas.
- Este rapaz tan calado está enfermo.

15. Coa axuda do dicionario, explica o significado destas palabras homónimas.

- calado¹ / calado²
 - lirio¹ / lirio²
 - morea¹ / morea²
 - acorde¹ / acorde²
 - banda¹ / banda²
 - bou / vou
- Escribe unha oración con cada unha delas, de maneira que se vexa claramente a diferenza de significado.

16. Acentúa correctamente as seguintes palabras:

- baul
- marea
- continuou
- paseo
- duas
- abondo
- residuais
- raiña
- faisca
- atribuen
- caotico
- saude
- saudo
- distraido
- xuizo
- marciais
- auga
- campion

17. Coloca os acentos gráficos que lle faltan ao seguinte texto.

Ainda que o numero de usuarios varia dunha cidade a outra, o autobus desempeña unha importante función nas areas metropolitanas: moitos traballadores dependen del para desprazaranse. Ademais, entre as vantaxes de usalo inclúense o baixo prezo, o sosego de non ter que conducir e a posibilidade de gozar coas vistas. Tamen contribúe ao aforro de enerxía e a que diminúan o tráfico e a contaminación.

18. Identifica os complementos das seguintes oracións e explica de que tipo son.

- Pásame un bolígrafo azul, por favor.
- Tiña as miñas dúbidas, non obstante, el levaba razón.
- Cheguei á casa morto de fame.
- A súa casa está lonxe da estación de trens.

19. Pon os acentos necesarios e xustifica por que.

- comunmente
- arabe-israeli
- preguntallo
- fisico-quimico
- epico-lirico
- afialapis
- facilmente
- automobil
- cempes
- dificilmente
- dixenllo
- beirarrua
- inutilmente
- coñececa
- baloncesto

- Identifica as palabras compostas.

20. Clasifica os complementos do verbo das seguintes oracións.

- Leron o libro axiña.
- Escribireille a Xulia.
- Bótalle unha man ao rapaz.
- Déronlle a bolsa a Antón.
- O gato comeu a sardiña.

21. Substitúe polo pronome átono que corresponda o obxecto directo das seguintes oracións.

- Vin a teus pais.
- Teño que poñer as novidades no escaparate.
- O xurado escoitou atentamente as cancións.
- Ten moita vergoña.
- Inauguraron a nova biblioteca.

22. Fai unha análise métrica (medida, acento final, sinalefas...) deste poema de Pondal.

Dos celtas antigos
gloriosos exemplos;
do duro romano
non lixios, non servos;
rompede as cadeas
da patria, dos eidos;
loitade valentes;
loitade, galegos.

Con rogo e con pranto,
con brandos acentos,
non ben se conseguen
os nobres empeños:
esforzo e constancia
vos piden os tempos;
loitade animosos;
loitade, galegos.

23. Ponlles o acento diacrítico ás palabras que teñen que levalo.

- Fixo un no no extremo do pano.
- O granxeiro tivo do do animal ferido.
- O panadeiro fixo unha bola con forma de bola para o seu neto o futbolista.
- O gardabosques rompeu un oso cando fuxía do oso.
- Non teñas tanta presa en ir para a presa.
- A estatua queda a beira da rúa.

- As árbores caéronlle xa as follas.
- O neno chegou co agasallo na man.
- Gústalle mais o tenis ca o baloncesto.
- E certo, Xoán e Xesús son curmáns.
- Compre que vaia cedo a tenda se non quere que outra persoa compre esa bicicleta.
- Dáme un grolo da túa limoada?

24. Engádelles a estas oracións os complementos circunstanciais que poidas.

- María escoitaba engaiolada a radio.
- Os fillos de Mariña xogan.
- Ramón camiñaba distraído.
- Non puidemos instalar a grella.
- Pódesmo explicar?
- Brais gardou as fotografías.

25. Identifica os complementos preposicionais das oracións seguintes.

- Agora case non se lembra das súas obrigas.
- Estes rapaces confórmanse con moi pouco para estaren contentos.
- Non accederán ás nosas demandas.
- É mellor que agardes por túa nai.
- Librouse dunha boa.
- Como sempre pensamos en vós, non nos esquecemos nunca do voso aniversario.

26. Identifica os eufemismos destas oracións.

- Os diminuídos físicos loitan pola supresión das barreiras arquitectónicas.
- Pola súa condición teñen que internalo nun hospital psiquiátrico.

27. Coloca os dous puntos e as comiñas onde cumpra.

- Cando marchaba dixo non hei tardar.
- Necesitamos isto tixola, ovos, aceite e sal.
- Dixo o mestre Maña, exame. Teño que chapar toda a noite!
- Hoxe comín espinacas, que boas estaban!

28. Identifica nestas oracións os atributos e os complementos predicativos.

- Nomeárono adestrador do equipo.
- Uxía está hoxe moi contenta.
- Os resultados parecen esperanzadores.
- Vexo a Martiña moi ilusionada.

29. Pon as parénteses onde sexa preciso.

- A primeira bomba atómica estourou durante a Segunda Guerra Mundial (1939-1945).
- A cidade de Florencia Italia é o berce do Renacemento.
- A exposición pódese visitar no Centro Cultural rúa Vella do 3 ao 23 de xullo.
- A UE Unión Europea ten unha moeda única: o euro.
- Publicaron a convocatoria no DOG Diario Oficial de Galicia.
- Os Xogos Olímpicos de Barcelona 1992 tiveron moito éxito.

30. Clasifica as oracións seguintes en atributivas e predicativas.

- Nesta casa seremos moi felices.
- Todos os libros caeron ao chan.
- Os últimos pasaxeiros subiron ao tren.
- O can comía un óso.
- A farmacia está pechada por vacacións.
- O esquí saltaba de árbore en árbore.

31. Clasifica as seguintes oracións en activas, pasivas e de pasiva reflexa.

- Un rapaz da clase estragouno todo.
- Todas as probas do crime foron destruídas.
- Criticáronse moito as súas últimas obras.
- A pelota foi levada pola marea.
- Regálanse gatiños moi pequenos.
- Pecharon o acordo que asinaron.

Tamén podedes facer os exercicios relacionados coa materia explicada durante o curso da seguinte ligazón: http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/indice.htm